



TALLER DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO TIPI

INCIDENCIA POLÍTICA E XORNALISMO DE DATOS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP). Aula 2

Santiago de Compostela

30 de xuño de 2015. 9:30 a 13:30



Que é TIPI?

Transparencia, Información, Participación e Incidencia

Nace para fortalecer o perfil político das organizacións da sociedade civil española e para incrementar a súa capacidade de participar nos procesos de decisión política e de contribuír na construción da opinión pública ao redor dos temas de loita contra a pobreza e de xustiza social.


A quen vai dirixido?

A calquera organización e rede do Terceiro Sector Social en España interesada en aumentar a súa presenza, participación e influencia na vida política dos seus respectivos ámbitos de actuación (Pobreza infantil, inmigración, sanidade, educación, emprego digno ou persoas sen fogar son algunhas das etiquetas do buscador TIPI)

Tamén a profesionais dos medios de comunicación e calquera persoa da sociedade civil interesada.

Financiado y operado por:

Organizaciones socias:





En que consiste o TIPI?

TIPI pretende por a disposición da cidadanía, as organizacións e xornalistas tres tipos de ferramentas.

1. Un buscador online de transparencia e rendición de contas parlamentaria (inicialmente no estatal pero aplicable aos autonómicos)
2. Unha metodoloxía de análise e comunicación que combina o rigor académico, o enfoque do xornalismo de investigación e o impacto das infografías e a visualización de datos.
3. Xeración de espazos compartidos onde políticas e xeradoras de opinión atópanse en pé de igualdade coas organizacións da sociedade civil para debater e dialogar sobre os temas que lles preocupen.


Quen o promove?

TIPI é posible grazas á participación da Fundación Porcausa, EAPN-Castilla La Mancha e CIECODE (como organizacións socias) e UNICEF e EAPN-España como organizacións colaboradoras. No taller de Santiago de Compostela colabora EAPN Galicia e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

O proxecto conta co financiamento do Mecanismo Financiero del Espacio Económico Europeo (EEA Grants) que tiene como objetivo la contribución a la reducción de las desigualdades económicas y sociales, así como reforzar las relaciones entre los tres estados donantes (Islandia, Liechtenstein y Noruega) y los 17 estados beneficiarios de la UE.

Financiado y operado por:

Organizaciones socias:





PROGRAMA TALLER TIPI. 30 de xuño. Santiago de Compostela

O taller pretende traballar sobre dous aspectos:

Analizar **os pormenores da actividade parlamentaria** e a dificultade que leva facer un labor de seguimento e control daquelas propostas que poidan interesar ás Entidades de índole social, motivo polo cal TIPI supón non só unha gran fonte de información programada en código aberto senón que tamén pretende converterse nunha ferramenta máis no traballo diario destas entidades á hora de esixir rendición de contas á clase política.

A segunda parte pretende dar claves sobre cómo usar o **xornalismo de datos** para que as Entidades sociais poidan obter visibilidade e empoderamiento e reconvertir os datos que todos obtemos desde os nosos informes e observatorios en titulares que as organizacións poden propor á medios de comunicación e denunciar situacións desde esta perspectiva.

Horario (orientativo)

9.30-10:00: Benvida e recepción. Presentación institucional de TIPI

10.00-10.40: Presentación ferramenta online de transparencia e rendición de contas

10.40-11.00: Pausa

11.00-12.15: Presentación ferramenta online de transparencia e rendición de contas (parte II).


12.15-13.30: Presentación xornalismo de datos e investigación.

Ponentes

Miguel Angel Vázquez (@MAVazquez22), é responsable de comunicación de [CIECODE](#) e o [Proxecto Avizor](#). Xornalista e escritor, traballou en varias redaccións e como freelance realizando reportaxes e documentais de contido social. Foi técnico sobre o terreo da ONG Fundación Proclade en Honduras realizando labores de mediación e coordinación coas contrapartes locais en diversos proxectos de desenvolvemento. As

Financiado y operado por:

Organizaciones socias:





súas principais áreas de interese son os sistemas políticos e ideolóxicos e a comunicación para o desenvolvemento.

Raúl Martín (@RaulMartinGs) é investigador de CIECODE. Politólogo e Máster en Cooperación Internacional ao Desenvolvemento, ven de traballar na xestión de proxectos de desenvolvemento e cooperación en Chile, España e Senegal, colaborando tamén na Fundación Cidadán Intelixente de Chile. As súas principais áreas de experiencia son a democracia participativa, a transparencia e a rendición de contas.

A asistencia o taller é de balde pero precisa [inscripción previa neste enlace](#)

Financiado y operado por:

Organizaciones socias:

